



## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 24 DE MAIO DE 2021

### 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00022442Y.

#### Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

### 2. OFICINA ORZAMENTARIA. Referencia: 2021/00021671V.

**Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 por importe de 56.254,65 € e do expediente suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 por importe de 22.513,63 € financiados con baixas por anulación.**

Acórdase:

**PRIMEIRO: Aprobar o expediente de crédito extraordinario** baixo o número de expediente 2021-CREXT-04 por importe de CINCUENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS E SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (**56.254,65 EUROS**) con base nos asuntos incluídos no apartado III.1 do informe proposta que se achega ao expediente, financiado con baixas por anulación.

Deste expediente de crédito extraordinario, destinaranse **7.900 euros** para dotar a achega municipal que lle permita ao Concello de Santiago acollerse á subvención convocada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Xustiza; do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, destinada a entidades locais de Galicia (DOG nº 15 do 25 de xaneiro de 2021). O obxecto a executar será a adquisición dun vehículo con distintivo ambiental cero emisións para o “Proxecto de sendas peonís dos xiros aos montes de Compostela” que o Concello está desenvolvendo.

Os outros **48.354,65 euros**, destinarasen a dotar a achega municipal que permita ao Concello de Santiago de Compostela acollerse á subvención convocada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022 (DOG nº 19 do 29 de xaneiro de 2021). O obxecto a executar será o acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).

**SEGUNDO: aprobar o expediente de suplemento** de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-03 por importe de VINTEDOUS MIL CINCOCENTOS TRECE EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (22.513,63 EUROS) con base nos asuntos incluídos no apartado III.2 do informe proposta que se achega ao expediente, financiado con baixas por anulación.

Este suplemento de crédito de 22.513,63 euros, permitirá ao Concello dar cobertura á licitación do contrato para o selado do vertedoiro de Aríns, e aos gastos técnicos que conleve a actuación.

TERCEIRO: Dar traslado ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, para a súa aprobación inicial.

CUARTO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

QUINTO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-04 e suplemento de crédito 2021-SUPLE-03 se contra eles non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.